9 a 13 de novembro

www.fundaciongaliciaeuropa.eu

EVOLUCIÓN

FUTURO

FINANCIAMENTO DA UE

MERCADOS

NEGOCIO

PROMOCIÓN

MARKETING

NOVAS ESTRATEXIAS

para un

TURISMO SOSTIBLE

XUNTA DE GALICIA

fundación GALICIA EUROPA

Interreg España - Portugal LIDERA

galicia

A Fundación Galicia Europa organiza o curso de formación online: **NOVAS ESTRATEXIAS PARA UN TURISMO SOSTIBLE. AS EMPRESAS TURÍSTICAS, A SÚA EVOLUCIÓN, FUTURO E LIÑAS DE FINANCIAMENTO NA UE**, que terá como obxectivo presentar novas habilidades e competencias ao sector turístico por mor de poder adaptarse ao momento que vivimos que require de ideas máis innovadoras e creativas, apoiándonos nas novas tecnoloxías e ferramentas de servizos e deseños que se poidan integrar no traballo cotián do sector co fin de ser máis competitivos e emprendedores.

Esta formación ten como finalidade mellorar, potenciar e impulsar a viabilidade dos proxectos e ideas da xuventude, mediante a realización de actividades de titorización e asesoramento individualizado, formación personalizada, e coaching persoal tanto ao largo do curso como posteriormente.

Esta actividade vai dirixida á profesionais en situación de desemprego, período de formación, mellora laboral, ou adaptación da súa iniciativa económica ou emprendedora, da Galicia ou do Norte de Portugal. Daráselle prioridade á orde de inscrición, tendo como máximo 20 participantes. A asistencia será obrigatoria a todas as sesións para poder optar ao diploma de asistencia. Ao final dos obradoiros haberá unha sesión práctica na que deberán participar os alumnos.

O Curso é unha actividade do “proxecto LIDERA” que se enmarca no programa Interreg V A España-Portugal 2014-2020 (POCTEP), ten un orzamento de 1,4 millóns de euros e conta cun financiamento do 75 % de fondos FEDER e unha duración de cinco anos (2016-2020). O seu obxectivo é promover o desenvolvemento económico transfronteirizo en Galicia e o Norte de Portugal a través do fomento das capacidades laborais e de emprendemento dos mozos, as actividades impulsadas por LIDERA están orientadas a loitaren contra o desemprego xuvenil, a fuga de talento e concederen as ferramentas necesarias para que este colectivo sexa un motor de pulo económico destas rexións. Para este propósito, céntrase en tres fases principais denominadas “Crece, Cataliza e Emprende”, durante as cales se levan a cabo unha serie de actividades orientadas a ampliar e mellorar as oportunidades laborais dos mozos.

Proxecto LIDERA

O proxecto “Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo” (LIDERA, 0205_LIDERA_1_E) ten como un dos seus obxectivos dar a coñecer aos participantes as diferentes opcións de programas que existen na Unión Europea para financiar proxectos de cooperación transfronteiriza.

Socios do Proxecto LIDERA:

xuventude.net · fundación GALICIA EUROPA · Cámara Santiago de Compostela · ipdj Instituto Português do Desporto e Juventude, I.P. · fnaj Federação Nacional das Associações Juvenis · Comunidade Intermunicipal do Ave

PROGRAMA

Luns 9.11.2020

10:45 - Presentación do Curso. Representación de Turismo e da Dirección da Fundación Galicia Europa.

11:00 - WEBINARIO_1. **Que é o turismo e a importancia dunha estratexia adaptada á realidade?**

Moisés Jorge Naranjo. Xerente do Patronato de Turismo de Fuerteventura.

Como antigo xerente de Turismo de A Coruña e da Fundación de Turismo de Benidorm, Moisés Jorge é un dos grandes talentos en creación e xestión de proxectos turísticos en España. Un gran coñecedor das realidades atlánticas e mediterráneas e que dende vai case 10 anos leva as rendas dunha das illas que mellor se soubo adaptar á evolución do turismo en Canarias: Fuerteventura.

12:00 WEBINARIO_2. **O turismo a esta beira da fronteira. Evolución e novas estratexias de mercado na era post-covid.**

Xestor de proxectos e Presidente da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia.

Tras máis de 20 anos no sector turístico, especializándose en turismo de experiencias, veu a evolución do turismo en Galicia e como esta comunidade foise posicionando no mapa turístico mundial. A creación de proxectos e produtos sostibles e respectuosos co habitante ou a loita contra o intrusismo e a política do todo vale son os seus novos cabalos de batalla

13:00 WEBINARIO_3. **Portugal: de destino de moda a unha nova reinvención.**

Helena Rato. Guía de Turismo de Portugal.

Máis de 40 anos na profesión, amando e enseñando Portugal como guía oficial. Toda unha vida intentando transmitir aos turistas estranxeiros que visitan Portugal as peculiaridades e idiosincrasia da cultura portuguesa, as marabillas dese pequeno pero gran país.

Martes 10.11.2020

11:00 - WEBINARIO_4. **Dun turismo de masas a un turismo á carta: O futuro das axencias Online e plataformas de ¨marketplaces¨.**

Rubén Arauxo. Xerente de Easy Galicia.

Tras os seus estudos en historia da arte e aproveitando o seu dominio en varias linguas estranxeiras, decidiu encamiñar os seus pasos ao mundo do turismo. Primeiro como Informador en Feiras, despois como guía oficial e por último creando a súa propia axencia de viaxes OnLine.

12:00 WEBINARIO_5. **Redescubrindo a natureza. As empresas de turismo de natureza e turismo activo: marketing, leis e xestión**

Borja Batalla Alonso. Xerente da empresa de turismo activo Vertigo Aventura e vocal de AGETAN.

Borja fixo da súa paixón pola natureza e o turismo activo a súa forma de vida e agora ademais dun gran promotor da marca Galicia Destino Activo é un gran defensor da Lei de Turismo Activo de Galicia, unha tarefa que nos últimos anos se transformou en ardua e moi necesaria.

13:00 - WEBINARIO_6. **Turismo de experiencias e a promoción do territorio transfronteirizo a través da arte.**

Patricia Oliveira. Empresaria e Xerente da recente empresa Manufatura de Fronteira.

Enfocada a prestar servizos nas áreas de valoración, promoción, preservación e produción cultural, artística e ambiental, valoración do territorio nacional e transfronteirizo e as súas identidades culturais, locais, a través da creación de pequenos bens e produtos de artesanía, así como bens culturais e artísticos que evocan o patrimonio cultural nacional e transfronteirizo, así como o seu patrimonio material, inmaterial e natural.



Mércores 11.11.2020

11:00-13:00 - WEBINARIO_7. **Da idea ao negocio.**

Daniel Diéguez. Administrador Cooperativa Apoio.
Daniel é dinámico, gústalle afrontar novos retos, é un apaixonado ante o descubrimento de persoas de diferentes culturas. A súa cooperativa foi creada no 2012 no ámbito rural desde a que tentan innovar en temas formativos e de apoio ao emprendemento.

13:00 - WEBINARIO_8. **Promoción e desenvolvemento rural: visión dunha cooperativa.**

Elos da Montanha. CRL, cooperativa de desenvolvemento rural.
Cooperativa de servizos de referencia no norte de Portugal, que explora fundamentalmente o Turismo Activo e de Natureza. Con guías especializados, esta cooperativa también presenta varias alianzas con entidades públicas e privadas, coas que xa desenvolveron varios proxectos. O equipo multidisciplinar promove excelentes servizos na Eurorrexión Galicia e o Norte de Portugal, asiduos practicantes da montaña, cun fondo coñecemento do territorio constitúen a Compañía Segura para todo aquel que desexe descubrir os máis bonitos paisaxes, costumes e tradicións.

Xoves 12.11.2020

11:00-14:00 - WEBINARIO_9. **Marketing e comunicación na nova era tecnolóxica.**

Valentin Gómez-Iglesias Rosón. Emprendedor.
Valentín leva máis de 10 anos dedicado á docencia, o marketing online e a comunicación. Traballou tanto no sector privado como no público, mantendo sempre a súa paixón polos novos proxectos e unha metodoloxía de traballo sinxela pero efectiva: “A clave para unha comunicación excelente é facer as preguntas axeitadas”.

Venres 13.11.2020

11:00 - 13:30 - WEBINARIO_10. **Programas e liñas de financiamento da UE para o sector TURISMO.**

Diana Pereira. Consultora de proxectos de cooperación e marketing
Consultora en proxectos de cooperación territorial e marketing, con máis de 10 anos de experiencia no sector turístico. Como raiana, transmite en todos os proxectos que desenvolve y dedica a identidade da fronteira e as vantaxes dun territorio único en Europa con potencial de crecemento económico, social e turístico.

Belén Mendoza. Responsable proxectos europeos Cámara Comercio Santiago de Compostela.
Desde o ano 2015 promovendo o programa Erasmus Emprendedores en Galicia con gran éxito. Acompañamos máis de cen intercambios sendo o consorcio número un en rexistros no ciclo 8 e o primeiro en relacións nos ciclos 10 e 12. Na actualidade temos en marcha 23 intercambios que, malia a pandemia, están a ter experiencias moi satisfactorias, acompañamos ademais con formación e seguimento personalizado tentando apoiar na medida do posible que as súas ideas de negocio e proxectos fáganse realidade. Contamos con preto de 80 empresas de acollida que reciben a emprendedores de 38 países e ofrecemos actualmente estadías en 41 países de todo o mundo.

13:30 Clausura. Representación Turismo Norte Portugal.

COORDINA: Pilar del Oro Sáez

XUNTA DE GALICIA · fundación GALICIA EUROPA · Interreg España - Portugal LIDERA · galicia